

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Fallado esta fin de semana en Sarria

Fernández Naval leva o Fiz Vergara de poesía con 'Bater de sombras'

Unanimidade do xurado na concesión da décima edición do premio Fiz Vergara Vilariño, convocado pola Asociación Cultural Ergueitos.

Redacción - 11:15 28/03/2010

"Ler e escribir poesía é unha necesidade, a certeza de que só ela nos aproxima á intuición do misterio no que nos movemos, do misterio co que cada un convive". Así o escribe [Francisco X. Fernández Naval na pequena autobiografía](#) que del pode atoparse na Biblioteca Virtual Galega. "Do río ó mar, e nese tránsito, un universo de vales e de outeiros, de apertas e de risos, a vida e a súa constancia de cristal, un arrecendo a bosque, a visión fugaz dunha serea, o eco dun cantar nos días da memoria", conta o autor nado en Ourense e residente na Coruña desde hai anos.

Aberta a plica da obra gañadora do X Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, este sábado en Sarria, o poemario 'Bater de sombras', presentado baixo o pseudónimo Marlow, resultou ser obra de [Francisco X. Fernández Naval](#). O xurado do certame estivo integrado por Olalla Cociña, gañadora da anterior edición, xunto a Cesáreo Sánchez Iglesias, Miguel Anxo Fernán Vello e con voz e sen voto Xermán Arias e María Casar. Por unanimidade escolleron o traballo 'Bater de Sombras'.